

Reglamentación da participación como co-IP en proxectos internacionais de investigación

Contexto

Nos últimos anos, faise patente para a Oficina de Proxectos Internacionais, na súa Área de Investigación, que a realidade dos proxectos internacionais implica en numerosos casos a máis dun responsable da execución dos proxectos. A figura do co-IP xa viña estando recoñecida cando estes pertencesen a grupos de investigación diferentes e con orzamentos diferenciados. Por necesidades de execución, véñse demandando a consideración de que dúas persoas investigadoras do mesmo grupo tamén poidan compartir a titularidade da responsabilidade do proxecto e, xa que logo, a certificación do mérito. Cómpre regular, xa que logo, o procedemento para a posta en práctica destas consideracións.

A participación como IP de proxecto

Desde o momento da aprobación do proxecto, considerarase que a persoa IP (investigadora principal) do mesmo é aquel que conste como primeiro contacto principal na proposta presentada, a menos que na súa preparación ou no momento da concesión se informe por escrito da necesidade de incluír a unha persoa diferente.

Tamén se contempla a posibilidade de que existan unha ou varias persoas IP. Esta situación virá dada polo reparto de responsabilidades, paquetes de traballo, tarefas, etc. e o seu orzamento. Contéplanse dúas posibilidades:

IPs de distinto grupo de investigación

Poderán ser tantas persoas IP como obrigue o reparto de tarefas. Este reparto virá contemplado xa na proposta, de ser posible, e só terá efecto para a certificación cando obre no poder da OPI- Área de Investigación o acordo asinado entre as dúas (ou máis) persoas co-IPs, o que se porá en coñecemento das persoas directoras dos seus grupos de investigación. Esta situación comunicarase aos AAEE do centro xestor, pero non existirán partidas diferenciadas. Cada IP será responsable de respectar o seu reparto de orzamento.

IPs do mesmo grupo de investigación

Poderán existir só en casos extraordinarios autorizados pola Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación, limitados en todo caso a un máximo de dous co-IPs, tras a presentación, a través da OPI- Área de Investigación, dunha solicitude formal acompañada dun informe de motivación completo que xustifique a necesidade de repartir as tarefas e o seu orzamento. Unha vez autorizado pola vicerreitora competente, as persoas investigadoras deberán asinar o acordo de reparto, que incluírá un reparto orzamentario do que cada un será responsable, sen que existan partidas diferenciadas, o que se porá en coñecemento da persoa directora do grupo de investigación.

Persoal non estable como IP e a figura de supervisor/a

Cando a persoa que solicita ser IP nun proxecto non ten aínda unha relación laboral estable coa UVigo, poderá participar como IP, en igualdade de condicións que calquera outra persoa IP de proxecto internacional de investigación da UVigo, co previo visto bo da Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación, no caso de que:

1. A duración do seu contrato sexa superior á duración do proxecto
2. Estea en situación de estabilización inminente ou exista un compromiso de estabilización
3. Presente por escrito o acordo con outra persoa do mesmo grupo que exerza de supervisora e se comprometa a continuar o proxecto no caso de que o IP inicial non puidese continuar.

Entrada en vigor e aplicación

Este procedemento será de aplicación dende a súa aprobación exclusivamente para todos os proxectos internacionais de investigación aperturados dende o 1 de xaneiro de 2024, incluído.